

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### NEUROLOXÍA, TRAUMATOLOXÍA, MEDICINA PREVENTIVA E A UNIDADE DE DOR IRRUPTIVA ONCOLÓXICA DA ÁREA SANITARIA DE SANTIAGO, GALARDOADOS NA XVI EDICIÓN DOS *PREMIOS BIC* COMO MELLORES SERVIZOS DE ESPAÑA

- Amais quedaron entre os cinco mellores das súas categorías o Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, os servizos de Farmacia Hospitalaria, Microbioloxía, Nefroloxía, Pneumoloxía, Oncoloxía, Patoloxía Dixestiva, Reumatoloxía e as unidades de Farmacia Hospitalaria Oncolóxica, de Asma, de Esclerose Múltiple, de Hemodinámica e Cardiología Intervencionista e o proxecto “*Coidando ao coidador*”
- Os **Best in Class** recoñecen os mellores hospitais, servizos, unidades de España
- O CS da Estrada, o servizo de Cardiología e a unidade de infectoloxía de pediatria que xa non se puideron presentar por gañar 3 veces seguidas nos últimos 4 anos, teñen a categoría de “*excelencia 5 estrelas*”

**Santiago, 16 de novembro de 2021-** A calidade na asistencia, na innovación e na atención ao doente dos traballadores da Área Sanitaria compostelá foi recoñecida na *XVI edición dos Premios Best in Class (BIC)* celebrados esta tarde no Hotel Monumento San Francisco.

Durante a Gala, que como cada ano promove o diario de información sanitaria Gaceta Médica e a cátedra de Innovación e xestión sanitaria da Universidad Rey Juan Carlos, resultaron premiados da área sanitaria compostelá, os servizos de **Traumatoloxía, Neuroloxía, Medicina Preventiva e Saúde Pública e á Unidade de Dor Irruptiva Oncolóxica do servizo de Oncoloxía Médica.**

Amais, a área foi finalista en 13 categorías. Quedaron entre os cinco mellores das súas categorías o Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, os servizos de Farmacia Hospitalaria, Microbioloxía, Nefroloxía, Pneumoloxía, Oncoloxía, Patoloxía Dixestiva, Reumatoloxía e as unidades de Farmacia Hospitalaria Oncolóxica, de Asma, de Esclerose Múltiple, de Hemodinámica e Cardiología Intervencionista e o proxecto “*Coidando ao coidador*”, programa de humanización que desenvolve o servizo de neuroloxía.

O Centro de Saúde da Estrada, o servizo de Cardiología e a Unidade de Infectoloxía de Pediatría que xa non se puideron presentar á candidatura ordinaria por gañar 3 veces seguidas nos últimos 4 anos, teñen a categoría de “**Excelencia 5 estrelas**”

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O obxectivo destes premios é recoñecer publicamente ao mellor centro de Atención Primaria, ao mellor hospital e aos mellores servizos e unidades estatais, tanto públicos coma privados, que buscan a excelencia na atención que lle prestan aos seus pacientes.

A concesión dos premios baséase na puntuación obtida polos candidatos co Índice de Calidade Asistencial ao Paciente (ICAP), que se establece a partir da análise multivariable dos datos recollidos nos cuestionarios de autoavaliación cumprimentados polos hospitais e centros de atención primaria.

A Cátedra de Innovación e Xestión Sanitaria da Universidad Rey Juan Carlos e as distintas sociedades científicas colaboran dando rigor e independencia ao sistema de avaliación da calidade asistencial.

### Saúdos do Gabinete de Comunicación e Imaxe

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS